



Guía Docente				
Datos Identificativos				2024/25
Asignatura (*)	Educación e políticas de igualdade		Código	652439012
Titulación				
Descriptoros				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Mestrado Oficial	2º cuatrimestre	Primeiro	Optativa	3
Idioma	CastelánGalego			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Pedagogía e Didáctica			
Coordinación		Correo electrónico		
Profesorado		Correo electrónico		
Web				
Descrición xeral	Esta materia ten por obxectivo analizar rigurosamente os fundamentos sociais dunha cultura igualitaria que non igualitarista e as accións específicas que pode desenvolver a institución escolar para garantir este principio. O contexto global das nosas sociedades fai que as escolas precisen de instrumentos novedosos para facer fronte a novas demandas sociais e culturais que son precisas analizar, recrear e reificar no ámbito educativo. As controversias entre redistribución e recoñecemento, formarán o eixo analítico principal cara a reconfigurar o sentido socio-educativo			

Competencias / Resultados do título	
Código	Competencias / Resultados do título

Resultados da aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe	Competencias / Resultados do título		
Analizar as políticas de igualdade no ámbito educativo.	AI1 AI2 AI3 AI6	BI1 BI3	CM6
Examinar os fundamentos da cultura igualitaria	AI1 AI2 AI6	BI1 BI2 BI3	CM6 CM7
Observar os presupostos teóricos na conceptualización de cidadanía	AI1 AI2 AI6 AI12	BI1 BI3	CM4 CM5
Discernir a diversidade de identidades nun contexto global	AI1 AI2 AI3 AI6	BI1 BI3 BI4 BI5	CM4 CM6

Contidos	
Temas	Subtemas
1. FUNDAMENTOS DA CULTURA IGUALITARIA	1.1 Xustiza social nun mundo globalizado 1.2 Igualdad vs Igualitarismo 1.3 Niveis de xustiza social 1.4 Re-conceptualización do público 1.5 As sementes dúa novo humanismo



2. PRESUPOSTOS TEÓRICOS PARA PENSAR UNHA NOVA CIDADANÍA	2.2. Transformacións sociais e ámbitos de intervención 2.3. Procesos de aprendizaxe e participación democrática 2.3. Profesionalización e democratización 2.4. Pedagogía crítica e cidadanía 2.5. Sociedade e escola na construción de cidadanía
3. FORMACIÓN DE IDENTIDADES E IGUALDADE	3.1. Experiencias identitarias 3.2. Relacións culturais e diversidade identitaria 3.3. Dimensións educativas na construción da identidade 3.4. Curriculum e diversidade cultural 3.5. Escola e pluralismo cultural
4. CONTROVERSIAS NO BINOMIO REDISTRIBUCIÓN/RECOÑECIMENTO	4.1. Conflictos en torno á redistribución e recoñecemento 4.2. Dualismo perspectivista e integración 4.3. Políticas escolares en torno á redistribución 4.4. Políticas ecolares en torno ao recoñecemento 4.5. Representación e xustiza curricular
5. DISCURSOS DE XÉNERO NO ÁMBITO ESCOLAR	5.1. Curriculum oculto e desigualdade 5.2. Coeducación e escola mixta 5.3. A cultura da masculinidade 5.4. O androcentrismo no curriculum 5.5. O Universalismo interactivo

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Seminario		21	0	21
Análise de fontes documentais		0	10	10
Proba de ensaio		0	25	25
Eventos científicos e/ou divulgativos		0	10	10
Portafolios do alumno		0	7	7
Atención personalizada		2	0	2
*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado				

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Seminario	Técnica de traballo en grupo que ten como finalidade o estudo intensivo dun tema. Caracterízase pola discusión, a participación, a elaboración de documentos e as conclusións ás que teñen que chegar todos os compoñentes do seminario
Análise de fontes documentais	Técnica metodolóxica que supón a utilización de documentos audiovisuais e/ou bibliográficos (fragmentos de reportaxes documentais ou películas, noticias de actualidade, paneis gráficos, fotografías, biografías, artigos, textos lexislativos, etc.) relevantes para a temática da materia con actividades especificamente deseñadas para a análise dos mesmos. Pódese empregar como introdución xeral a un tema, como instrumento de aplicación do estudo de casos, para a explicación de procesos que non se poden observar directamente, para a presentación de situacións complexas ou como síntese de contidos de carácter teórico ou práctico
Proba de ensaio	que se proporcione a resposta esperada, combinada coa capacidade de razoamento (argumentar, relacionar, etc.), creatividade e espírito crítico. Utilízase para a avaliación diagnóstica, formativa e sumativa. Permite medir as habilidades que non poden avaliarse con probas obxectivas como a capacidade de crítica, de síntese, de comparación, de redacción e de orixinalidade do estudante; polo que implica un estudo amplo e profundo dos contidos, sen perder de vista o conxunto das ideas e as súas relacións.



Eventos científicos e/ou divulgativos	Actividades realizadas polo alumnado que implican a asistencia e/ou participación en eventos científicos e/ou divulgativos (congresos, xornadas, simposios, cursos, seminarios, conferencias, exposicións, etc.) co obxectivo de profundar no coñecemento de temas de estudo relacionados coa materia. Estas actividades proporcionan ao alumnado coñecementos e experiencias actuais que incorporan as últimas novidades referentes a un determinado ámbito de estudo.
Portafolios do alumno	É unha carpeta ou arquivador ordenado por seccións, debidamente identificadas ou etiquetadas, que contén os rexistros ou materiais produto das actividades de aprendizaxe realizadas polo alumno nun período de tempo, cos comentarios e cualificacións asignadas polo profesor, o que lle permite visualizar o progreso do alumno. O portafolios ou carpeta inclúe todo o que fai o alumno, como: apuntes ou notas de clases, traballos de investigación, guías de traballo e o seu desenvolvemento, comentarios de notas, resumes, probas escritas, autoavaliacións, tarefas desenvolvidas, comentarios de progreso do alumno realizado polo profesor, etc.

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición
Portafolios do alumno Seminario	A atención personalizada ao alumnado estará garantida en todo momento. As cuestións aclaratorias sobre a materia, as dúbidas persoais, as ampliacións de contido así como unha reflexión máis pormenorizada da materia serán atendidas en horario de titoría que se entregará ao alumnado o primeiro día do seminario

Avaliación			
Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación
Portafolios do alumno		O proceso de avaliación explicarase pormenorizadamente ao alumnado o primeiro día do seminario, tendo en conta as particularidades, intereses e dilemas individuais	10
Seminario		O proceso de avaliación explicarase pormenorizadamente ao alumnado o primeiro día do seminario, tendo en conta as particularidades, intereses e dilemas individuais	40
Análise de fontes documentais		O proceso de avaliación explicarase pormenorizadamente ao alumnado o primeiro día do seminario, tendo en conta as particularidades, intereses e dilemas individuais	40
Eventos científicos e/ou divulgativos		De ser o caso, invitarase ao alumnado a participar como ointe a algunha conferencia, acto académico de especial importancia para a materia	10

Observacións avaliación
O proceso de avaliación explicarase pormenorizadamente ao alumnado o primeiro día do seminario, tendo en conta as particularidades, intereses e dilemas individuais

Fontes de información	
Bibliografía básica	BENHABIB, Seyla. Las reivindicaciones de la cultura. Igualdad y diversidad en la era global. Madrid. Katz FRASER, Nancy and HONNETH, Axel. (2206). ¿Redistribución o Reconocimiento?. Madrid. Morata. FRASER, Nancy (2008). Escalas de justicia. Barcelona. Herder GIMENO SACRISTÁN, José. (educar y convivir en la cultura global. Madrid. Morata GUTMANN, Amy. (2008). La identidad en democracia. Madrid. Katz NUSSBAUM, Martha. (2005). El cultivo de la humanidad. Una defensa clásica de la reforma en la educación liberal. Barcelona. Paidós



Bibliografía complementaria	Gee, J.P. (2005): La ideología en los discursos. Madrid, Morata. Gimeno Sacristán, J. (1997): El curriculum: una reflexión sobre la práctica. Madrid, Morata (7ª ed.). Gimeno Sacristán, J. e Pérez Gómez, Á.I. (Comps.) (1997): Comprender y transformar la enseñanza (6ª ed.). Madrid, Morata. Giroux, H.A. (1988): Los profesores como intelectuales: hacia una pedagogía crítica del aprendizaje. Barcelona/Madrid, Paidós/MEC. Guttman (Gutmann), A. (2001): La educación democrática: una teoría política de la educación. Barcelona, Paidós. Hargreaves, A. (1996): Profesorado, cultura y postmodernidad (cambian los tiempos, cambia el profesorado). Madrid, Morata. Hargreaves, A. (2003): Enseñar en la sociedad del conocimiento. Barcelona, Octaedro. Stenhouse, L. (2003): Investigación y desarrollo del curriculum (5ª ed.). Madrid, Morata. Torres Santomé, J. (2001): Educación en tiempos de neoliberalismo. Madrid, Morata. Torres Santomé, J. (2005): El curriculum oculto (8ª ed.). Madrid, Morata. Torres Santomé, J. (2006): La desmotivación del profesorado. Madrid, Morata. Torres Santomé, J. (2006): Globalización e interdisciplinariedad: el curriculum integrado (5ª Ed.). Madrid, Morata.
------------------------------------	---

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Problemas sociais, xustiza xuvenil e educación/652439027

Materias que continúan o temario

Observacións

(*)A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente de acordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías